

A experiencia "Contramaré" (1)

MIGUEL - CONTRAMARÉ :: 04/12/2003

Aportación (en galego y castellano) al debate "Los límites de la contrainformación y la comunicación de masas".

Va en dos tandas la experiencia del boletín Contramaré. En la primera se expone el contenido del proyecto y en la segunda se expondrá como se lleva a cabo y una breve evaluación.

[galego]

Contramaré xurde dun grupo de persoas que participan na lista de Burla Negra nos días seguintes ó afundimento do Prestige. Este grupo de xente xuntase en Aguiño o 14 de decembro e acorda crear un instrumento de contrainformación fronte á manipulación informativa que se estaba a sufrir.

Así en poucos días nace Contramaré que no editorial do seu número cero declara:

“CONTRAMARÉ é a determinación colectiva de elaborar un medio de comunicación da Galicia que responde á traxedia.

Esta iniciativa xorde dunha asemblea aberta celebrada o 14 de decembro en Aguiño, a carón da autoorganización mariñeira, coa necesidade de confirmar, espallar e coñecer experiencias nas loitas contra a peste que nos abafa o mar e a terra. Esta experiencia autónoma revolve as bases da comunicación de masas, creba coa unidireccionalidade que lles outorga ós lectores a pasiva función de obxecto nunha relación mercantil. Créase un espacio libre sen divisións do traballo, no que todos seremos xornalistas, lectores, distribuidores...

Contramaré non é mercadoría, non ten dono, pertécenos a tódolos afectados pola catástrofe do Prestige e pola indecencia dos culpables, dos que a permiten, de quen a alenta. Por iso precisa vontades, apoios, compromiso e participación de todos, desde a elaboración das novas ata a reprodución en fotocopia e a distribución libre do boletín.

Contramaré desvelará o oculto, o prohibido, o que os donos dos medios borran da realidade. Será a voz dunha Galicia determinada a apañar o futuro contra a deslealdade e o boicot dos gobernantes, contra o desleixo, a deserción e a incapacidade do Estado. Aquí non ten lugar o Capital nin a súa lóxica fragmentadora de experiencias colectivas. O propio nome define intencións: contra a maré negra, contra quen a xerou e quen a permite, construímos futuro coa creatividade inalienable da multitude. Non estamos dispostos a cederllo a ningún patrón.

Así, será o voceiro democrático, aberto, libre, desta resistencia colectiva que xa é organización creativa da nosa colectividade”.

Con dúas afirmacións de principios: “Todos somos xornalistas, redactores, distribuidores...” e “Todo é de tod@s”.

No editorial do número un, aínda se define máis claramente

A comunicación desde nós mesmos, para nós mesmos, sen filtros nen controis, é posíbel e necesaria. A democracia precisa que demos resposta ás mentiras. Utilicemos os nosos medios: nos lugares de traballo, nas organizacións, asociacións, no lecer... tod@s somos quen de facer algo.

O poder deste país, representado polo Partido Popular, desesperado pola evidencia da súa ineptitude, está atacando por todas as fronteiras, deixando á vista o seu verdadeiro rostro: o rostro do franquismo da represión e da inxustiza. Non lles abonda con servir-se dos medios de comunicación para inundar-nos de mentiras. Non lles abonda con negar calquer debate parlamentar pedindo dimisións na oposición e prohibindo a comparecencia dos responsábeis da catástrofe. Non lles abonda con impedir as investigacións científicas, aducindo que eles xa teñen uns "expertos" e uns "técnicos" adecuados, aqueles que deixaron afundir o barco porque o fuel ía conxelarse. Non lles abonda con negar información aos xuíces, ocultando toda proba que os acuse. Non lles abonda con evitar toda mobilización social; calando aos afectados con axudas; impedindo aos voluntarios que acodan.

Non lles abonda, non chega para amainar un trebón que ameaza con afundí-los, desta vez de veras. Por iso agora lanzaron a súa ofensiva máis vil e rastreira; contra a Plataforma Nunca Mais. Pero tampouco lles vai abondar. Agora xa non valen os argumentos de sempre, xa non nos convencen as equiparacións simplistas. Agora as súas armas están cheias de ferruxe, e a maré humana acabará de as desgastar.

E nese movemento somos cada vez máis tod@s. Ti e eu, que lemos e facemos mover este boletín, que buceamos descubriendo o que hai detrás de discursos e de estratexias maquiavélicas.

Entendemos que política non debe ser un termo negativo. Política é debate, participación no goberno de nós mesmos e, necesariamente, información libre e transparente. Por iso é que CONTRAMARÉ segue a ser toda a maré de persoas que mandan artigos, informes, testemuños.

Son as fotocópias circulando de mau en mau. Todas as voces a construen; todos os pulos a fan voar. Ninguén detrás de CONTRAMARÉ; excepto tod@s.

Neste primeiros números dáse información da mobilización cidadán, dos mariñeiros e dos que non o son, do COSACO de Malpica, dos voluntarios. Todos eles teñen a súa voz no boletín. E tamén se informa dos negocios sucios de Tragsa, da represión fascista dos gobernos.

[castellano]

La experiencia de "Contramaré"

Contramaré surge de un grupo de personas que participan en la lista de Burla Negra en los días siguientes al hundimiento del Prestige. Este grupo se reúne en Aguiño el 14 de diciembre y acuerda crear un instrumento de contrainformación frente a la manipulación informativa que se estaba sufriendo.

Así en pocos días nace Contramaré que en el editorial de su número cero declara:

“CONTRAMARÉ es la determinación colectiva de elaborar un medio de comunicación de la Galicia que responde a la tragedia.

Esta iniciativa surge de una asamblea abierta celebrada el 14 de diciembre en Aguiño, al calor de la autoorganización marinera, con la necesidad de confirmar, difundir y conocer experiencias en las luchas contra la peste que nos ahoga el mar y la tierra. Esta experiencia autónoma agita las bases de la comunicación de masas, rompe con la unidireccionalidad que les otorga a los lectores la pasiva función de objeto en una relación mercantil.

Se crea un espacio libre sin divisiones del trabajo, en el que todos seremos periodistas, lectores, distribuidores...Contramaré no es una mercancía, no tiene dueño, nos pertenece a todos los afectados por la catástrofe del Prestige y por la indecencia de los culpables, de los que la permiten, de quienes a alentan. Por eso precisa voluntades, apoyos, compromiso y participación de todos, desde la redacción de las noticias hasta la reproducción en fotocopia y la distribución libre del boletín.

Contramaré desvelará lo oculto, lo prohibido, lo que los dueños de los medios borran de la realidad. Será la voz de una Galicia determinada a construir el futuro contra la deslealtad y el boicot de los gobernantes, contra el abandono, la deserción y la incapacidad del Estado. Aquí no tiene lugar el Capital ni su lógica fragmentadora de experiencias colectivas. El propio nombre define intenciones: contra la marea negra, contra quien la generó y quien la permite, construimos futuro con la creatividad inalienable de la multitud. No estamos dispuestos a cederselo a ningún patrón.

Así, será el vocero democrático, abierto, libre, de esta resistencia colectiva que ya es organización creativa de nuestra colectividad”.

Con dos afirmaciones de principios, como titulares: “Todos somos periodistas, redactores, distribuidores...” y “Todo es de tod@s”.

En el editorial del número uno, aún se define más claramente.

La comunicación desde nosotros mismos, para nosotros mismos, sin filtros ni controles, es posible y necesaria. La democracia precisa que demos respuesta a las mentiras. Utilicemos nuestros medios: en los lugares de trabajo, en las organizaciones, asociaciones, en la diversión y el ocio...tod@s somos capaces de hacer algo.

El poder de este país, representado por el Partido Popular, desesperado por la evidencia de su ineptitud, está atacando en todos los frentes, dejando a la vista su verdadero rostro: el rostro del franquismo, de la represión y de la injusticia. No les resulta suficiente con servirse de los medios de comunicación para inundarnos de mentiras.

No les basta con negar cualquier debate parlamentario pidiendo dimisiones en la oposición y prohibiendo la comparecencia de los responsables de la catástrofe. No les es bastante con impedir las investigaciones científicas, aduciendo que ellos ya tienen unos "expertos" y unos "técnicos" adecuados, aquellos que dejaron que el barco se hundiera, porque el fuel iba a

congelarse. No les basta con negar información a los jueces, ocultando toda prueba que los acuse. No les es suficiente con evitar toda movilización social; callando a los afectados con ayudas; impidiendo a los voluntarios que acudan. No les es bastante, no alcanza para amainar una tormenta que amenaza con hundirlos, esta vez de veras. Por eso ahora lanzaron su ofensiva más vil y rastrera; contra la Plataforma Nunca Mais. Pero tampoco les va a valer. Ahora ya no valen los argumentos de siempre, ya no nos convencen las equiparaciones simplistas. Ahora sus armas están llenas de orín, y la marea humana acabará de desgastarlas.

Y en ese movimiento somos cada vez más tod@s. Tu y yo, que leemos y hacemos mover este boletín, que buceamos descubriendo lo que hay detrás de discursos y de estrategias maquiavélicas.

Entendemos que política no debe ser un término negativo. Política es debate, participación en el gobierno de nosotros mismos y, necesariamente, información libre y transparente. Por eso CONTRAMARÉ sigue siendo toda la marea de personas que mandan artículos, informes, testimonios.

Son las fotocopias circulando de mano en mano. Todas las voces la construyen; todos los impulsos la hacen volar. Nadie detrás de CONTRAMARÉ; excepto tod@s.

En estos primeros números se da información de la movilización ciudadana, de los marneiros y de los que no lo son, del COSACO de Malpica, de los voluntarios. Todos ellos tienen su voz en el boletín. Y también se informa de los negocios sucios de Tragsa, de la represión fascista de los gobiernos.

https://www.lahaine.org/est_espanol.php/a-experiencia-contramare-1